

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27003151	IES Lama das Quendas	Chantada	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Economía e emprendemento	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

1. Introducción

A materia de modalidade Economía e Emprendemento está exposta como materia optativa en cuarto curso da educación secundaria obrigatoria e persegue dúas finalidades: por unha banda, que o alumnado dispoña dunha educación económica e financeira para desenvolver, de maneira responsable e viable, os seus proxectos vitais, profesionais e, no seu caso, empresariais; e, por outra banda, que o alumnado poida buscar solucións innovadoras para afrontar os retos que se propoñan, a través do seu autocoñecemento, o coñecemento adquirido e a colaboración cos demais.

O estudo da economía e as finanzas, ademais de poder coñecer as regras que explican os acontecementos económicos e as consecuencias das propias decisións financeiras, proxecta valores como a solidariedade entre persoas, a importancia da sustentabilidade ou a xestión responsable dos recursos. O emprendedor, cunha formación económica e financeira adecuada, desempeña un papel importante na busca de oportunidades e ideas que contribúan a satisfacer as necesidades da contorna, xerando valor, innovando e contribuíndo a mellorar o benestar persoal, social e cultural.

O Decreto 156/2022 constitúe a base da programación do curso, e reparte os criterios de avaliación e contidos en catro bloques que contribuirán á consecución dos obxectivos da materia:

1. O bloque "O perfil da empresa emprendedora, iniciativa e creatividade" vincúlase coa análise e desenvolvemento do perfil da persoa emprendedora facendo fincapé no autocoñecemento e no desenvolvemento de habilidades persoais para poder afrontar contextos cambiantes e incertos nos que emprender.

2. O bloque "A contorna como fonte de ideas e de oportunidades" lígase á análise das distintas contornas -económica, empresarial, social, ambiental, cultural e artística-, así como o desenvolvemento de estratexias que lle permitan ao alumnado identificar necesidades e buscar oportunidades que xurdan, facéndoo consciente de como a contorna condiciona os seus propios proxectos persoais e profesionais.

3. O bloque "Recursos para levar a cabo un proxecto emprendedor" céntrase na captación e xestión dos recursos humanos, materiais, inmateriais e dixitais como elementos necesarios para que un proxecto se poida levar á realidade. Abórdanse cuestións sobre as fontes de financiamento, recursos financeiros e formación e funcionamento efectivo dos equipos de traballo.

4. O bloque "A realización do proxecto emprendedor" trata de dar a coñecer como facer un proxecto emprendedor desde a idea inicial ata a execución e validación do prototipo final.

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 4º de ESO do IES Lama das Quendas de Chantada que cursa a materia de Economía e Emprendemento no presente curso.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar e valorar as fortalezas e as debilidades propias e as dos demais, reflexionando sobre as aptitudes, xestionando de forma eficaz as emocións e as destrezas necesarias que promovan unha actitude vital creadora para adaptarse a contornas cambiantes e deseñar un proxecto persoal único, cunha actitude emprendedora que xere valor para os demais.					1	1	2	3
OBX2 - Utilizar estratexias de conformación de equipos, así como habilidades sociais, de comunicación e innovación áxil, aplicándoas con autonomía e motivación ás dinámicas de traballo en distintos contextos, para constituír grupos de traballo eficaces e descubrir o valor de cooperar con outras persoas durante o proceso de ideación e desenvolvemento de solucións emprendedoras.	1	1-2			1-3	1	2	
OBX3 - Elaborar, con sentido ético e solidario, ideas e solucións innovadoras e sostibles que dean resposta ás necesidades locais e globais detectadas, utilizando metodoloxías áxiles de ideación e analizando tanto os seus puntos fortes e débiles coma o impacto que poidan xerar esas ideas na contorna, para lograr a superación de retos relacionados coa preservación e co coidado da contorna natural, social, cultural e artística.			3			4	1-2-3	3
OBX4 - Seleccionar e reunir os recursos dispoñibles no proceso de desenvolvemento da idea ou solución creativa proposta, coñecendo os medios de produción e as fontes financeiras que proporcionan estes recursos e aplicando estratexias de captación destes para poñer en marcha o proxecto que leve á realidade a solución emprendedora.			3	2			1-2	
OBX5 - Presentar e expoñer ideas e solucións creativas utilizando estratexias comunicativas áxiles e valorando a importancia dunha comunicación efectiva e respectuosa para transmitir mensaxes convincentes adecuadas ao contexto e aos obxectivos concretos de cada situación e validar as ideas e as solucións presentadas.	1-2-3			3	1	1	1-2	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Comprender aspectos básicos da economía e das finanzas, valorando criticamente o problema da escaseza de recursos e a necesidade de elixir, así como os principios de interacción social desde o punto de vista económico, para relacionar os devanditos aspectos coa procura e planificación dos recursos necesarios no desenvolvemento da idea ou da solución emprendedora que afronte o reto exposto de maneira eficaz, equitativa e sostible.						1	1-2-3	
OBX7 - Construír e analizar de maneira cooperativa, autónoma e áxil prototipos innovadores e sostibles, aplicando estratexias eficaces de deseño e execución, avaliando todas as fases do proceso de maneira crítica e ética e validando os resultados obtidos tanto para a mellora e perfeccionamento dos prototipos creados coma para a aprendizaxe e o desenvolvemento persoal e colectivo.			3	5	3-5		2-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A economía das persoas	A ciencia económica. A escaseza de recursos e a necesidade de elixir. O custo de oportunidade. A toma de decisións.	9	10	X		
2	Producción, renda comercio	Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. FPP. Productividade. O funcionamento dos mercados. Comercio, benestar e desigualdades. Os retos do século XXI.	9	10	X		
3	Planificación e saúde financeira	O sistema financeiro. As finanzas persoais. Fontes e control de ingresos e gastos. Presupostos. Pensión de xubilación. Recursos financeiros a curto e longo prazo. Endebedamento. Xestión de riscos e seguros.	18	18	X		
4	A función das empresas. Contorna	Análise da contorna específica ou microcontorna. A responsabilidade social corporativa. Análise da contorna xeral ou macrocontorna. Sectores económicos.	9	10		X	
5	A organización da empresa	Tipos de empresas. Funcións da empresa. Elementos da empresa. Financiación e	9	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A organización da empresa	obrigas.	9	10		X	
6	O emprendemento	O perfil da persoa emprendedora: habilidades e cualidades. Análise DAFO da persoa emprendedora. A xestión das emocións.	9	10		X	
7	O traballo en equipo	A idea de negocio e as oportunidades empresariais. Comunicación, motivación e liderado. Dinámicas de traballo en grupo.	9	10		X	
8	Entorno social, cultural e ambiental	Sostenibilidade. Economía circular. Emprendemento cultural e artístico.	12	12			X
9	O proxecto emprendedor	Creación de valor. Protección de ideas. Marketing. Misión e visión da empresa emprendedora. Planificación, xestión e execución dun proxecto emprendedor. Viabilidade económica e financeira da empresa.	16	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A economía das persoas	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6.2. - Recoñecer o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Coñecer o concepto de economía. Explicar o problema da escaseza de recursos e a necesidade de elixir. Ser capaz de definir os principios de toma de decisións económicas. Diferenciar os distintos recursos productivos e as súas rentas.	PE	80
CA2.6.1. - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Explicar o concepto de economía como ciencia. Valorar o problema da escaseza de recursos e a necesidade de elixir. Recoñecer os principios de toma de decisións económicas, os recursos productivos e os seus rendementos.	TI	20
CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- A economía como ciencia. A perspectiva económica da contorna. O problema económico: a escaseza de recursos e a necesidade de elixir. A elección en economía: custos, análise marxinal, incentivos. O comportamento das persoas nas decisións.

UD	Título da UD	Duración
2	Producción, renda comercio	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6.2. - Recoñecer o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Coñecer o funcionamento dos mercados. Definir os diferentes axentes económicos e plasmar as súas relacións no modelo do fluxo circular da renda. Calcular problemas de FPP e produtividade dun factor.	PE	80
CA2.6.1. - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Ser capaz de explicar o funcionamento dos mercados. Recoñecer os axentes económicos e poder definir o fluxo circular da renda. Calcular problemas sinxelos de FPP. Explicar o concepto de produtividade dun factor.	TI	20
CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A contorna económico-empresarial. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda.
- O funcionamento dos mercados. Comercio, benestar e desigualdades.

UD	Título da UD	Duración
3	Planificación e saúde financeira	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Afrontar os retos en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas, transferindo os coñecementos económicos e financeiros necesarios e sendo consciente da importancia para a persoa emprendedora da capacidade de anticipación aos cambios da contorna.	Explicar o papel do sistema financeiro. Diferenciar os aspectos e conceptos máis importantes das finanzas persoais: os conceptos e cálculo do presuposto, as inversións, as débedas e os seguros.	PE	80
CA3.5 - Presentar e expoñer, con claridade e coherencia, ideas e solucións creativas, co fin de captar recursos para o financiamento e o mecenado deste.	Xustificar a elección dunha fonte concreta de financiamento para un caso determinado. Calcular presupostos persoais sinxelos.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O sistema financeiro. - As finanzas da persoa emprendedora: control e xestión do diñeiro. Fontes e control de ingresos e gastos. Recursos financeiros a curto e a longo prazo e a súa relación co benestar financeiro. O endebedamento. Fontes de financiamento e captación de recursos

UD	Título da UD	Duración
4	A función das empresas. Contorna	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4.2. - Propoñer ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o impacto que poidan xerar no eido persoal e na contorna e aplicando metodoloxías áxiles para a obtención de solucións ás necesidades detectadas con sentido ético e solidario	Coñecer ás implicación de RSC no mundo empresarial. Coñecer as funcións das empresas e os aspectos máis importantes da contorna. Diferenciar os sectores económicos.	PE	80
CA2.4.1. - Propoñer ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o impacto que poidan xerar no eido persoal e na contorna e aplicando metodoloxías áxiles para a obtención de solucións ás necesidades detectadas con sentido ético e solidario	Valorar a importancia do análise da contorna. Coñecer a RSC. Recoñecer e diferenciar os sectores económicos.	TI	20
CA2.4 - Propoñer ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o impacto que poidan xerar no eido persoal e na contorna e aplicando metodoloxías áxiles para a obtención de solucións ás necesidades detectadas con sentido ético e solidario.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O mercado e as oportunidades de negocio: análise da contorna xeral ou macrocontorna; análise da contorna específica ou microcontorna. Análise DAFO de proxectos empresariais. Estratexias de exploración da contorna. Procura e xestión da información. - A empresa e a súa responsabilidade social. A decisión empresarial e a innovación como fonte de transformación

Contidos
- social.

UD	Título da UD	Duración
5	A organización da empresa	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3.2. - Coñecer as posibilidades para poñer en marcha un proxecto viable que leve á realidade unha solución emprendedora, seleccionando e reunindo os recursos materiais, inmateriais e dixitais máis adecuados ao noso proxecto.	Coñecer os obxetivos das empresas. Cálculo sinxelo de exercicios de costes e punto morto. Valorar a importancia e as actuacións das empresas en materia de RSC. Identificar os distintos sectores económicos.	PE	80
CA3.3.1. - Planificar e poñer en marcha un proxecto viable que leve á realidade unha solución emprendedora, seleccionando e reunindo os recursos materiais, inmateriais e dixitais máis adecuados ao noso proxecto.	Recoñecer os principais obxetivos das empresas. Calcular exercicios de costes e punto morto. Valorar a importancia e as diferentes formas de RSC. Diferenciar e poñer exemplos dos distintos sectores económicos.	TI	20
CA3.3 - Planificar e poñer en marcha un proxecto viable que leve á realidade unha solución emprendedora, seleccionando e reunindo os recursos materiais, inmateriais e dixitais máis adecuados ao noso proxecto.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Misión, visión e valores da empresa ou entidade: a cultura empresarial. A organización e a xestión das entidades emprendedoras. Funcións da empresa.

UD	Título da UD	Duración
6	O emprendemento	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Utilizar estratexias de análise razoada das fortalezas e debilidades persoais e da iniciativa e creatividade propia e da dos demais.	Identificar as fortalezas e debilidades persoais propias e dos demais que se identifican coa iniciativa emprendedora.	PE	80
CA3.4 - Utilizar con autonomía estratexias de captación e xestión de recursos coñecendo as súas características e aplicándoas ao proceso de conversión das ideas e solucións en accións e planificando con coherencia a súa organización, distribución, uso e optimización.	Coñecer as diferentes formas de emprendemento. Realizar o DAFO persoal.		
CA3.6 - Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora vendo a relación entre os coñecementos adquiridos e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento, identificando os máis adecuados en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas e aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.	Recoñecer a importancia do emprendemento e da formación en xestión de riscos para afrontar á posta en marcha do negocio.		
CA1.1 - Adaptarse a contornas complexas e crear un proxecto persoal orixinal e xerador de valor, partindo do autoconhecimento e tomando conciencia de que o proceso emprendedor constitúe unha forma de enriquecemento e crecemento persoal.	Realizar a análise DAFO propia. Valorar o proceso emprendedor como forma de enriquecemento persoal.	TI	20
CA1.3 - Xestionar de forma eficaz as emocións e as destrezas persoais, promovendo e desenvolvendo actitudes creativas, asumindo o risco que supón un proxecto innovador e aprendendo dos erros que cometemos.	Valorar as características propias do emprendedor necesarias para poñer en marcha un proxecto innovador.		
CA2.1 - Adaptarse a contornas complexas e crear un proxecto persoal orixinal e xerador de valor, partindo da valoración crítica sobre as propias aptitudes e as posibilidades creativas.	Realizar unha valoración crítica da análise DAFO propia. Identificar as cualidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora.		
CA2.2 - Xestionar de forma eficaz as emocións e as destrezas persoais promovendo e desenvolvendo actitudes creativas.	Aplicar estratexias de xestión de emocións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia económica e social da persoa emprendedora. - O perfil da persoa emprendedora: habilidades. - Autoconfianza, autoconhecimento, empatía, perseveranza, iniciativa e resiliencia. - Técnicas de diagnóstico de debilidades e fortalezas internas. Análise DAFO da persoa emprendedora. - Xestión de emocións. A importancia da motivación para emprender. Estratexias de xestión da incerteza e to-ma de decisións en contextos cambiantes. O erro e a validación como oportunidades para aprender. - A visión emprendedora. - As finanzas da persoa emprendedora: control e xestión do diñeiro. Fontes e control de ingresos e gastos. Recursos financeiros a curto e a longo prazo e a súa relación co benestar financeiro. O endebedamento. Fontes de financiamento e captación de recursos

UD	Título da UD	Duración
7	O traballo en equipo	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Pór en práctica as habilidades sociais da persoa emprendedora, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación e innovación áxil, tanto de maneira presencial como a distancia, en distintos contextos de traballo en equipo, valorando, respectando e asumindo as achegas dos demais nas distintas dinámicas de traballo en grupo.	Coñecer a importancia e as principais formas de traballo en equipo. Liderazgo e as súas características. Técnicas de comunicación e resolución de conflitos na organización.	PE	80
CA3.2 - Poñer en práctica habilidades sociais, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación en distintos contextos de traballo en equipo, valorando as achegas dos demais nas distintas dinámicas de traballo e respectando as decisións tomadas de forma colectiva	Coñecer a importancia e as principais formas de traballo en equipo. Liderazgo e as súas características. Técnicas de comunicación e resolución de conflitos na organización.		
CA3.1 - Constituír equipos de traballo baseados en principios de equidade, coeducación e igualdade entre homes e mulleres, actitude participativa e visualización de metas comúns, utilizando estratexias que faciliten a identificación e a optimización dos recursos humanos necesarios que conduzan á consecución do reto proposto.	Recoñecer a importancia do traballo en equipo e as principais características do liderazo. Recoñecer vías de conflito e posibles solucións.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O perfil da persoa emprendedora: habilidades. - -Comunicación, motivación e liderado da persoa emprendedora. Habilidades sociais. Dinámicas de traballo en grupo. - Os equipos nas empresas e organizacións. Estratexias áxiles de traballo en equipo. Formación e funcionamento de equipos de traballo. Estratexias de comunicación, negociación e solución de conflitos.

UD	Título da UD	Duración
8	Entorno social, cultural e ambiental	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Construír ideas creativas e sostibles aplicando metodoloxías áxiles que faciliten a superación dos retos expostos con sentido ético e solidario.	Recoñecer as diferentes formas de economía circular e valorar a importancia da sustentabilidade.	PE	80
CA1.7 - Validar as ideas e solucións utilizando estratexias comunicativas áxiles adaptadas a cada situación comunicativa.	Recoñecer e coñecer a importancia da consecución dos ODS e do desenvolvemento local.		
CA1.5 - Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto na sociedade.	Tomar conciencia en sentido crítico coa sustentabilidade do noso modelo de vida.	TI	20
CA1.8 - Presentar e expoñer, con claridade e coherencia, as ideas e solucións creativas, adquirindo habilidades e técnicas de expresión oral con apoio audiovisual na posta en común destas.	Valorar diferentes formas de emprendemento cultural ou artístico.		
CA2.3 - Preservar e coidar a contorna natural, social, cultural e artística a partir de propostas e actuacións locais e globais que promovan o desenvolvemento sostible, con visión creativa, emprendedora e comprometida.	Valorar á importancia do desenvolvemento local.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O perfil da persoa emprendedora: habilidades. - Creatividade, ideas e solucións. A innovación áxil. - O funcionamento dos mercados. Comercio, benestar e desigualdades. - O impacto da actividade empresarial: a responsabilidade social corporativa. A contorna social, cultural e ambiental desde unha perspectiva económica. A economía colaborativa. A pegada ecolóxica e a economía circular. A economía social e solidaria. Os obxe - Sectores produtivos e xéneros da contorna cultural e artística. Axentes que apoian a creación de proxectos culturais emprendedores.

UD	Título da UD	Duración
9	O proxecto emprendedor	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Poñer en marcha un proxecto viable analizando os recursos materiais, inmateriais e dixitais dispoñibles no proceso de ideación creativa.	Planificar o proxecto de empresa presentado.	PE	80
CA4.7 - Coñecer e comprender con precisión os contidos necesarios do ámbito económico e financeiro aplicándoos con coherencia a situacións, actividades ou proxectos concretos.	Analizar a viabilidade do proxecto presentado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.8 - Afrontar os retos de maneira eficaz, equitativa e sostible, en distintos contextos aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.	Avaliar o impacto na contorna do proxecto presentado en termos de equitatividade e sostibilidade.		
CA4.9 - Utilizar estratexias eficaces de deseño e execución do prototipo final utilizando métodos de traballo áxiles, cooperativos e autónomos, analizando de maneira crítica o proceso de deseño e execución levado a cabo e valorando a súa viabilidade e adecuación empregada na construción deste.	Realizar un estudo de viabilidade do produto.		
CA4.1 - Adaptarse a contornas complexas cun proxecto persoal orixinal e xerador de valor, logrando pro-gresivamente o control consciente das emocións.	Presentar un proxecto emprendedor a partir dunha idea de negocio.		
CA4.2 - Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto no eido persoal e na contorna.	Avaliar o impacto da idea de negocio no eido persoal e na contorna.		
CA4.4 - Utilizar con autonomía estratexias de captación e de xestión de recursos coñecendo as súas características e aplicándoas ao proceso de conversión das ideas e solucións en accións.	Manexar estratexias de captación e xestión dos recursos necesarios para a posta en marcha do proxecto presentado.		
CA4.5 - Validar as ideas e as solucións presentadas mediante mensaxes convincentes e adecuadas, co fin de presentar e expoñer, con claridade e coherencia, as ideas e as solucións creativas, mantendo unha comunicación eficaz e respectuosa ao longo de todo o proceso levado a cabo.	Aplicar ferramentas de comunicación ao proxecto presentado.	TI	20
CA4.6 - Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora a partir dos coñecementos, destrezas e actitudes adquiridos desde o ámbito da economía e das finanzas, vendo a relación entre estes e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento.	Determinar os recursos necesarios para desenvolver o proxecto presentado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O reto ou o desafío como obxectivo. - Planificación, xestión e execución dun proxecto emprendedor. Do reto ao prototipo. - Desenvolvemento áxil do produto. - Técnicas e ferramentas de prototipado rápido. - Métodos de análise da competencia. Estratexias competitivas. - Mercadotecnia do produto. Presentación e introdución do prototipo na contorna. Estratexias de difusión. - Validación e testado de prototipos. Valoración do proceso de traballo. Innovación áxil. - Estudo de viabilidade do produto e elección de forma xurídica.

Contidos

- O usuario como destinatario final do prototipo. A toma de decisións dos usuarios. O usuario como consumidor. Dereitos e obrigacións dos consumidores.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O uso das TIC será o recurso didáctico de referencia, e polo tanto, o modelo metodolóxico principal que se aplicará na materia será o denominado "Flipped Classroom" (Clase invertida), de maneira que o profesorado elaborará o seu propio material didáctico, favorecendo unha educación individualizada e personalizada coa utilización de ferramentas TIC. Este modelo complementarase co de "Aprender facendo e ensinando", onde o alumnado construíra o seu coñecemento facendo cousas con outros (traballo colaborativo), a partir da experiencia e a exploración, do ensaio e erro, da análise e a execución. Pódese dicir que se trata de converter a clase nun espazo para realizar as tarefas, mediante un traballo en equipo ou individualmente, dirixido polo profesorado. Previamente, e despois dunha explicación do profesorado, o alumnado aprende ou visualiza o contido a través de videotutoriais, documentos escritos, ligazóns de internet, etc.

Para a posta en práctica desta programación utilizarase a aula virtual do centro, que ofrece un amplo abanico de posibilidades, permitindo desde algo básico como un repositorio de recursos para o alumnado, ata un uso máis completo como espazo de aprendizaxe (formación en rede que permite ao alumnado interactuar entre si, acceder aos contidos, realizar tarefas e actividades con seguimento do profesorado, tanto na aula presencial como virtual).

Ao longo do curso poderanse levar a cabo diversos tipos de actividades:

Actividades de presentación-motivación: Para introducir ao alumnado no tema que se aborda e despertar o seu interese sobre os contidos da unidade, poderá establecerse un pequeno debate a partir dalgún artigo de prensa, noticia de actualidade, etc., relacionado co tema a tratar, realizar unha tormenta de ideas con preguntas abertas ou analizar e comentar un vídeo relacionado co tema.

Actividades de avaliación de coñecementos previos: Para obter información acerca de que saben e que procedementos, destrezas e habilidades teñen desenvolvidas os/as alumnos/as sobre un tema concreto, pode realizarse unha tormenta de ideas sobre os principais conceptos da unidade, ou un "test de coñecementos previos" co que o/a profesor/a pode facerse unha idea de cada alumno/a e da clase en xeral. Non se trata de poñer nota ao alumnado, senón de proporcionar ao/á profesor/a a información que necesita para favorecer aprendizaxes significativas e funcionais.

Actividades de desenvolvemento dos distintos contidos: Coa finalidade de que o alumnado adquira novos coñecementos, empregaranse varios métodos:

- Estratexias expositivas
- Estratexias de indagación
- Estratexias sociais

Actividades de consolidación: Para que o alumnado contraste as novas ideas coas previas e aplique as novas aprendizaxes, realizará actividades nas que se traballarán un conxunto de coñecementos, capacidades e actitudes (competencias clave) relacionados coa unidade didáctica correspondente.

Actividades de síntese-resume: Para que o alumnado estableza arelación entre os distintos contidos aprendidos, así como contrastalos cos que xa tiñan, poden elaborar mapas conceptuais sobre os contidos da unidade ou elaborar un resume.

Actividades de reforzo: Para aqueles/as alumnos/as que non alcancen os obxectivos ou que teñen un ritmo de aprendizaxe máis lento deseñaranse actividades destinadas a desenrolar os contidos de reforzo.

Actividades de ampliación: Para o alumnado que teña un ritmo máis rápido de aprendizaxe realizaranse actividades como a procura de información en outras fontes das proporcionadas de xeito ordinario na aula.

A participación do alumnado poderase potenciar nesta materia mediante a exposición de traballos, a resolución colaborativa de problemas, a utilización colectiva de recursos virtuais ou a procura e a análise de información en internet, aspectos que tamén favorecen a propia aprendizaxe

Nos distintos temas non será necesario empregar todas estas actividades, senón que haberá que axustalas ás características dos contidos e obxectivos a tratar, e ás características do alumnado.

As estratexias metodolóxicas básicas serán as seguintes:

- Partir de problemas ou de cuestións próximas ó contorno e que sexan motivadoras.
- Presentar as cuestións e problemas económicos contextualizados e relacionando, en todo momento, as causas e os efectos.
- Partir da interpretación social da realidade económica, buscando integrar a teoría económica e a economía real, intentando asegurar ao mesmo tempo un marco conceptual sobre o cal seguir aprendendo.
- Busca dun equilibrio entre o enfoque académico e o enfoque descritivo na ensinanza da materia. Preténdese fuxir do enfoque unicamente académico e formalista, que achega gran cantidade de conceptos pero non a suficiente capacidade explicativa dos problemas reais. Por outro lado, tamén se evitará o enfoque exclusivamente descritivo dos feitos económicos, que proporciona gran cantidade de información, pero con escaso poder explicativo das causas que orixinan os problemas.
- Potenciar procesos de aprendizaxe significativos, nos que o alumnado teña que analizar os feitos, valorar alternativas, prognosticar efectos e posicionarse de forma diferente ante un mesmo problema.
- Tendo en conta os esquemas de pensamento e as concepcións do alumnado, favorecer o traballo do mesmo e a súa autonomía na aprendizaxe.
- Realización de diversas actividades, ben de forma individual ou ben a través de grupos de traballo que se poidan formar na aula, tratando de favorecer a capacidade do alumnado para aprender por se mesmos, e tratando de fomentar o espírito de investigación.
- Propiciarase a indagación e a realización de investigacións sinxelas, baseándose na recollida e análise de información de distintas fontes en relación co tema tratado. A aplicación práctica a un caso concreto da metodoloxía do razoamento económico axudará a entender a economía como algo real, útil e próximo que permita transitar desde o particular ao xeral.
- Favorecerase o traballo cooperativo, o intercambio de información e reflexión sobre o proceso de aprendizaxe.
- Fomento da obtención de conclusións relevantes en relación cos problemas, cuestións e actividades que se deseñen e a súa comunicación ordenada e clara.
- Tratarase de enfocar as cuestións desde diversos puntos de vista, pois a Economía, por tratarse dunha ciencia social, admite diversos enfoques en función das diferentes teorías económicas ou formas de entender a realidade.
- Potenciar unha visión de conxunto dos diferentes aspectos que comportan a nosa realidade e ver a relación coa Economía. Polo que esta materia entenderase como eminentemente formativa para o coñecemento con un tratamento eminentemente científico.
- Acceso a textos xornalísticos da prensa diaria ou especializada e uso da prensa dixital, así como do material ou gravacións videográficas de espazos televisivos onde se traten temas relacionados coa materia e que presenten propostas concretas de actividades que sirvan para vincular os contidos desenvolvidos na aula cos acontecementos económicos cotiáns.
- Consulta de páxinas web de determinados organismos públicos, institucións ou empresas que poden proporcionar información interesante para a materia coa finalidade da realización de traballos individuais ou en grupo do alumnado, con exposición oral ou escrita posterior das ideas propias ou dos resultados dos traballos realizados.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Esta materia impartirase empregando como material recomendado de apoio o libro de texto Economía e Emprendemento da editorial MC Graw Hill. Como material complementario o profesor/a poderá entregar ao alumnado o material de apoio (contidos complementarios, propostas de traballo e actividades) que considere necesario para a ampliación das diversas unidades didácticas.

Como recursos complementarios, empregaranse os seguintes:

- Aula multimedia do centro, na que se desenvolverán de cando en vez as clases da materia, e onde se fará un uso mixto de aula tradicional e de traballo con ordenadores.
- Ordenadores con conexión a internet para a busca de información diversa relacionada coa materia, realización de certas actividades e participación en xogos virtuais (investimento en bolsa, xestión empresarial).
- Follas de cálculo para resolver diferentes problemas de economía.
- Acceso a aula virtual para consultar e traballar con certos contidos e actividades da materia, que se utilizará tanto na casa como no centro.
- Pantalla dixital (ordenador e proxector).
- Extracto de películas de vídeo que traten diversos aspectos da materia.
- Documentais, entrevistas e noticias en vídeo de contido económico.

Para o desenvolvemento da materia o alumnado precisará o seguinte material individual:

- Calculadora científica.
- Ordenador nas aulas de informática e multimedia.
- Caderno para apuntes e realización de exercicios escritos.
- Ademais estará a disposición dos/as alumnos/as toda a bibliografía, documentación e outros recursos existentes no centro (departamento de economía, biblioteca, etc...).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Esta materia non precisa acreditar coñecementos previos, xa que é a toma de contacto para a maioría do alumnado coa ciencia económica. En todo caso, dita avaliación inicial realizarase nos primeiros días do curso escolar en setembro; e poderase realizar unha proba específica sinxela para avaliar o grao de dominio dos contidos mínimos que se consideran imprescindibles para construír sobre eles as novas aprendizaxes propias da materia. Esta proba non terá repercusión na cualificación da materia.

Mediante observación directa nas clases, tamén se recollerá información das peculiaridades da forma de aprender de cada alumno/a (habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas, é dicir, manexo de procedementos) así como información sobre o grao de integración social do alumno/a (consigo mesmo, cos compañeiros e compañeiras e co profesorado).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	18	9	9	9	9	12	16	100
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Criterios de cualificación:

CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para todas as unidades terase en conta o seguinte:

- Procedemento de Avaliación 1: Preguntas tipo test, preguntas de resposta curta e problemas prácticos relacionados cos contidos da unidade correspondente
- Instrumento de Avaliación: Proba escrita.
- Peso no total en cada UD: 80%

- Procedemento de Avaliación 2: Traballo diario (actividades, problemas de aplicación practica, interpretación de textos económicos, cuestionarios, etc.)
- Instrumento de Avaliación: Táboa de indicadores.
- Peso no total en cada UD: 20%

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas impartidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica, os cales se poden ver no apartado 3.1 da programación. Así obteríase o cálculo coas seguintes expresións matemáticas:

Primeira avaliación = $(25 \times \text{NotaUD1} + 25 \times \text{NotaUD2} + 50 \times \text{Nota UD3})/100$ ou o que é o mesmo, Primeira avaliación = $(9 \times \text{NotaUD1} + 9 \times \text{NotaUD2} + 18 \times \text{Nota UD3})/36$

Segunda avaliación = $(25 \times \text{NotaUD4} + 25 \times \text{NotaUD5} + 25 \times \text{NotaUD6} + 25 \times \text{NotaUD7})/100$ u o que é o mesmo, Segunda avaliación = $(9 \times \text{NotaUD4} + 9 \times \text{NotaUD5} + 9 \times \text{NotaUD6} + 9 \times \text{NotaUD7})/36$

Terceira avaliación = $(42,86 \times \text{NotaUD8} + 57,14 \times \text{NotaUD9})/100$ u o que é o mesmo, Terceira avaliación = $(12 \times \text{NotaUD8} + 16 \times \text{NotaUD9})/28$

A cualificación final da materia virá dada polos pesos das distintas unidades didácticas impartidas no curso. Os pesos outorgados a cada unidade didáctica recóllense no apartado 3.1 da programación. O cálculo realizarase coa seguinte expresión matemática:

Avaliación final = $(9 \times \text{NotaUD1} + 9 \times \text{NotaUD2} + 18 \times \text{NotaUD3} + 9 \times \text{NotaUD4} + 9 \times \text{NotaUD5} + 9 \times \text{NotaUD6} + 9 \times \text{NotaUD7} + 12 \times \text{NotaUD8} + 16 \times \text{NotaUD9})/100$

No cálculo das cualificacións das distintas avaliacións, tanto as parciais como a final, cando o resultado non sexa un número enteiro, redondearase ao enteiro superior, se a parte decimal e igual ou superior a 5; ou ao enteiro inferior se a parte decimal é menor de 5.

No caso de que exista algunha modificación na docencia das unidades que estaban programadas para algunha avaliación, modificarase a maneira de calcular a cualificación da avaliación correspondente. Se ao rematar o curso non se impartira algunha unidade ou algunhas unidades, entón repartiríase equitativamente o peso destas entre as unidades impartidas, e polo tanto, modificaríase a expresión matemática para o cálculo da cualificación final da materia segundo proceda.

Para poder superar unha avaliación é necesario ter unha nota mínima de 2,5 puntos nas probas escritas, cunha puntuación inferior non se supera a avaliación aínda que o cálculo da nota de dita avaliación sexa 5 ou máis.

Criterios de recuperación:

Durante o curso, o alumnado que teña suspensa algunha parte da materia que lle impida obter unha cualificación mínima dun 5 nalgunha avaliación parcial ou na avaliación final, ou ben non acade a puntuación mínima de 2,5 puntos nalgunha proba escrita; realizará as correspondentes tarefas e probas de recuperación seguindo o establecido en cada caso polo profesor da materia. En todo caso, antes da avaliación final existirá un período para a realización de actividades de recuperación para o alumnado que teña partes sen superar da materia.

Para a cualificación final, unha vez realizadas as recuperacións oportunas, manteranse os mesmos pesos das unidades didácticas indicados na programación (apartado 3.1), aplicando a mesma expresión matemática recollida nos criterios de cualificación.

Nas recuperacións tamén se esixe unha cualificación mínima de 2,5 puntos para poder superala, e so é obxecto de recuperación o 80% do traballo avaliado mediante proba escrita; o 20% restante (que se avalía mediante táboas de indicadores) non se recupera, manténdose nesta parte a mesma cualificación que se acadou durante o trimestre co traballo diario. Para o alumnado que acuda a recuperación dalgunha avaliación a nota que se terá en conta para facer

o cálculo da nota final do curso será a da última proba de recuperación realizada.

6. Medidas de atención á diversidade

Ao comezo do período lectivo o profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Tamén sería importante recibir da persoa titora e do departamento de Orientación toda a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas, ou persoais con incidencia educativa. Esta información poderá proceder:

- Dos informes individualizados de avaliación de cursos anteriores.
- Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- Da experiencia profesional previa.

A partir disto poderanse establecer, se procede, unhas medidas de atención á diversidade como as seguintes:

ALUMNADO CUN RITMO DE APRENDIZAXE MÁIS LENTO.

- Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo de ensinanza: empregar formas de organizar a clase individualizadas, realización de grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran, etc.
- Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensinanza: comunicar só os aspectos máis importantes da unidade didáctica, presentar a unidade de forma máis personalizada, procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido, etc.
- Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido), reforzo permanente dos logros acadados para elevar a autoestima-autoconcepto do alumnado, creación dun clima na aula na que o alumnado non tema expresar as súas dificultades, simplificación das actividades, etc.

ALUMNADO CUN RITMO DE APRENDIZAXE MÁIS RÁPIDO.

- Propor actividades de ampliación que lles permitan profundar nos diversos contidos alcanzando obxectivos superiores.
- Implicar a este alumnado para axudar a compañeiros/as que teñan dificultades na súa aprendizaxe.
- Adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento vertical, que consisten en aumentar a cantidade de contidos para aprender nunha ou varias áreas.
 - Ampliación curricular de enriquecemento horizontal, onde o aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, mentres que prevalece a súa profundidade e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de Orientación do centro, e que estarán recollidas no plan anual do centro de atención á diversidade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Tratamento e fomento da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da convivencia no centro	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do proxecto lingüístico do centro	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Tratamento e fomento da lectura	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Competencia dixital	X
ET.4 - Fomento da convivencia no centro	X
ET.5 - Educación emocional e en valores	X
ET.6 - Igualdade de xénero	X
ET.7 - Fomento do proxecto lingüístico do centro	X
ET.8 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable	X
ET.9 - Creatividade	X

Observacións:

- TRATAMENTO E FOMENTO DA LECTURA

Desde esta materia, e tendo en conta o Plan lector do centro, intentaranse levar a cabo propostas de traballo onde xurdan procesos implicados na competencia lectora.

- EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA

Promoverase a resolución das tarefas de clase e elaboración de documentación, utilizando un vocabulario correcto e axeitado, reforzando o vocabulario propio da materia. Tamén se traballarán técnicas de comunicación de ideas, e exposición oral das resolucións dadas a determinadas tarefas por parte do alumnado.

- COMPETENCIA DIXITAL

Na materia fomentarse a capacidade do alumnado de poñer en práctica coñecementos, habilidades e actitudes á hora de acceder á información, construír con ela coñecementos propios, expresala e difundila, producindo documentos persoais e utilizando para iso medios dixitais. Esta materia contribuirá tamén ao desenvolvemento do Plan Dixital do centro.

- FOMENTO DA CONVIVENCIA NO CENTRO

A través da materia e tendo en conta as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do centro intentarase contribuír ao labor de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación ensinanza-aprendizaxe.

- EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES

Desde esta materia tamén se quere transmitir unha serie de valores ao noso alumnado para que os apliquen á súa vida cotiá (aprender a ser responsable, respectuoso/a, empático/a, etc.).

- IGUALDADE DE XÉNERO

Intentarase concienciar ao alumnado para que actúe de maneira crítica ante as situacións de desigualdade que perciba no seu contorno e fóra del, e para que recoñeza as relacións interpersoais e sociais desde a natural diversidade de xénero, sexo e orientación sexual, como parte dunha realidade plural e enriquecedora.

- FOMENTO DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

Respectarase o establecido no proxecto lingüístico do centro, colaborando nas actividades organizadas para a dinamización da lingua galega.

- EDUCACIÓN PARA A SOSTIBILIDADE E O CONSUMO RESPONSABLE

Desde a materia intentarase contribuír a facer un mundo máis sostible, fomentando o consumo consciente e responsable.

- CREATIVIDADE

A materia debe servir para formar persoas ricas en orixinalidade, flexibilidade, visión, iniciativa, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas formativas a cargo do Polo de Emprendemento Lugo Sur	Charlas que pretenden achegar a realidade emprendedora o alumnado.		X	
Visita empresa.	Co fin de ver sobre unha empresa real contidos vistos ó longo do curso como o tipo de empresa, a localización ou o modelo de negocio.			X

Observacións:

Aínda que estas son as actividades previstas, a data de redacción da presente programación, non están pechadas as actividades, polo que non se engade máis información sobre as mesmas.

Para a actividade proposta no segundo trimestre, as charlas desenvolveráanse no salón de actos do instituto, en 3 días diferentes, durante os meses de febreiro e marzo, e a duración das mesmas será de entre 1 e 2 periodos lectivos.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A selección e temporalización de contidos foi adecuada.
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros.
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e cualificacións.
Realizáronse actividades para que o alumnado recuperara as partes non superadas da materia.
Metodoloxía empregada
As actividades propostas foron variadas e axeitadas para o desenvolvemento dos contidos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.
Medidas de atención á diversidade
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades do alumnado.
Clima de traballo na aula
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Facilitouse ao alumnado e ás familias o coñecemento dos criterios de avaliación e cualificación.
Outros
O que estivo ben foi
O que estivo mal foi
Propostas de mellora

Descrición:

Ao final de cada período de avaliación, farase unha avaliación da práctica docente mediante unha táboa de cotexo ou unha rúbrica, coas que se poderá obter información ao respecto. Estás táboas poderán ser cubertas tanto polo alumnado como polo profesorado da materia. Nas reunións de departamento analizaranse o resultados desta avaliación da práctica docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado da materia fará un seguimento do cumprimento da programación. Para iso ao finalizar cada unidade didáctica, e través da aplicación PROENS, no apartado de "Seguimento", comprobaranse as datas de inicio e final de cada unidade, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade. No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Nas reunións mensuais do departamento didáctico tratarase sempre como un dos puntos da reunión, o seguimento da programación didáctica.

Antes de rematar o período lectivo, o alumnado fará unha avaliación da actividade docente baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

Do mesmo modo, finalizado o curso, tamén se fará unha avaliación e unha memoria da materia, onde se recollerán os seguintes apartados:

- A.- Porcentaxe do cumprimento da programación.
- B.- Xustificacións da parte da programación non impartida.
- C.- Modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.
- D.- Motivos das modificacións feitas.
- E.- Propostas de melloras para a programación didáctica do próximo curso.
- F.- Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.

9. Outros apartados

1. CONCRECIÓNS ESPECÍFICAS DA MATERIA: Mellora de nota

Aquel alumnado que habendo acadado máis dun 5 na avaliación ordinaria desexa mellorar a nota de algún trimestre, pode solicitar expresamente a realización dunha proba extra, que terá as mesmas características que a proba de recuperación da avaliación, é dicir, realizarase na mesma data e coas mesmas particularidades.

2. CONCRECIÓNS ESPECÍFICAS DA MATERIA: Boas prácticas na aula 1

En canto aos traballos feitos en grupo ou individualmente, ou o traballo na casa (tarefas, deberes, etc), toda produción ou traballo entregado polo alumnado que presente indicios de ser copiado ou de elaboración non propia levará unha cualificación de cero (0).

3. CONCRECIÓNS ESPECÍFICAS DA MATERIA: Boas prácticas na aula 2

En dita materia non está permitido o uso de teléfonos móbiles, reloxos intelixentes nin calquera outro dispositivo electrónico que poida interromper a dinámica da clase.

4. CONCRECIÓNS ESPECÍFICAS DA MATERIA: Boas prácticas na aula 3

Durante as probas escritas o profesor/a solicitará os alumnos que depositen tanto móbiles como reloxos intelixentes apagados na mesa do profesor. Se nalgunha das probas escritas o profesor/a ve a algún alumno copiando, ou realizando algún acto que se puidera considerar sospeitoso do mesmo (falar cun compañeiro, intercambiar algún tipo de material durante as probas, manipular obxectos nos bolsillos, utilizar material non permitido, etc.) procederase a retirada do exame e obterá unha cualificación de cero nesa proba, polo que o alumno se verá obrigado a acudir a recuperación da avaliación. Igualmente se ve a algún alumno utilizando o móbil ou algún outro dispositivo sospeitoso tal como reloxo, auriculares ou pinganillo, a actuación será a mesma.